



Anuncio 6/2010: Axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países (MR440D).

O pasado 7 de xaneiro de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 4, orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e se convocan para o ano 2011.

A **finalidade** desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e realizar a convocatoria para o ano 2011.

Poderán ser obxecto das medidas de promoción os produtos de calidade, destinados ao consumo directo, detallados no anexo IV da precitada orde, que contén con posibilidades de exportación ou de novas saídas comerciais en países terceiros e que pertenezan a algúns das seguintes categorías:

- a) Viños con denominación de orixe protexida.
- b) Viños con indicación xeográfica protexida.
- c) Viños en que se indique a variedade de uva de vinificación.

Serán **beneficiarios** desta axuda as seguintes figuras xurídicas con sede social na Comunidade Autónoma de Galicia sempre que non incorran nalgúnha das prohibicións do artigo 13º.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- a) Empresas vinícolas.
- b) Organizacións de produtores e organizacións interprofesionais definidas no capítulo VII do título III do Regulamento (CE) nº 479/2008 do Consello, do 29 de abril.
- c) Órganos de xestión e de representación das indicacións xeográficas vitivinícolas. d) Asociacións de exportadores e consorcios de exportación.
- d) Entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

Requisitos:

Os beneficiarios deberán demostrar suficiente capacidade para afrontar as exixencias de comercio cos países terceiros e medios para asegurar que a medida se implementa o máis efectivamente posible. Deberán, así mesmo, garantir a dispoñibilidade, en cantidade e calidade, de produtos para asegurar a resposta fronte ás demandas que se poidan xerar como efecto da promoción realizada


A documentación necesaria para solicitar dita axuda será a seguinte:

- 1) Solicitud segundo modelo que figura como anexo I
- 2) As accións e programas presentados deberán conter cando menos a información prevista no anexo II e:
 - -Cumprir o disposto nesta orde.
 - -Respectar a normativa comunitaria relativa aos produtos considerados e a súa comercialización.
 - -Estar o suficientemente desenvoltos como para que poida avaliarse a súa conformidade coa normativa aplicable e a súa relación calidade/prezo.
 - -Especificarán os medios propios ou externos con que se contará para desenvolver as accións previstas.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **28 de febreiro de 2011**.

Neste ámbito, como axente de emprego e desenvolvemento local do concello estou á súa enteira disposición nas oficinas municipais para atender a calquera dúvida ou consulta que lle poida xurdir e proporcionarlle a colaboración necesaria na tramitación das solicitudes que poida presentar ó abeiro desta orde.

Castrelo de Miño, 19 de xaneiro de 2011
A axente de emprego e desenvolvemento local

Mª Dolores VÁZQUEZ Araújo

CONCELLO DE
CASTRELO DE MIÑO